

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA  
O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en deseño e fabricación mecánica.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilanova de Arousa, para realizar as obras de remodelación do contorno da Capela de San Roque, por importe de cento setenta e catro mil cento vinte euros con oitenta céntimos (174.120,80 €).
- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra: "Prolongación de abastecemento de auga potable nas parroquias de Churío e Coruxou. Concello de Irixoa (A Coruña)", clave OH.215.898, por importe de douscentos dous mil novecentos trinta e sete euros con corenta e seis céntimos (202.937,46 €).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a *Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)*, para o fomento da internacionalización do tecido produtivo galego mediante a rede de plataformas empresariais no exterior e o servizo de licitacións internacionais, por importe máximo de dezasete millóns novecentos vinte e catro mil novecentos oitenta e seis euros con seis céntimos (17.924.986,06 €).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA na formación de persoas adultas para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de trescentos trinta e cinco mil trescentos trinta e nove euros con noventa céntimos (335.339,90 €).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da cláusula adicional 7ª ao concerto, do 29 de abril de 2005, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridad de Ferrol*, do que depende o Hospital Juan Cardona, por un importe de trece millóns cento corenta mil novecentos corenta euros (13.140.940,00 €).

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a campaña informativa do bono social no sector da enerxía eléctrica.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a creación da Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre o estudo de viabilidade do proxecto para a construción, conservación e explotación de varios centros de atención primaria, incluídos no plan de modernización de infraestruturas sanitarias 2010/2013 do Servizo Galego de Saúde.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre os premios da cultura galega 2010.

## EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DE DESEÑO E FABRICACIÓN MECÁNICA Á LEI DE CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para adaptación deste ciclo de grao superior*
- *Nesta lexislatura xa están aprobados 27 novos decretos para modernizar os títulos de FP*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á aprobación do decreto para a adaptación do currículo do ciclo superior correspondente ao título de técnico superior en deseño e fabricación mecánica á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións. Deste xeito, a Consellería de Educación ten xa adaptado 27 currículos nesta lexislatura (12 de grao medio e 15 de superior), quedando estes tamén harmonizados co Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Ademais, aprobou un novo decreto para regular a FP e modernizala, incluíndo as novas tecnoloxías e as linguas estranxeiras. Deste xeito dáse pulo a unha FP que facilita a posterior empregabilidade dos futuros titulados nos diferentes campos profesionais; que xa de por si acadan altas taxas de inserción laboral.

### **Prácticas e prevención de riscos**

A partir desta adaptación, estes ciclos formativos pasan a ter unha duración de 2000 horas, e inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Por outra banda, e co fin de facilitar a mobilidade desde a FP cara a outros estudos, nos novos currículos queda establecida a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 174.000 EUROS NA REHABILITACIÓN DO CONTORNO DA CAPELA DE SAN ROQUE, EN VILANOVA DE AROUSA

- *A realización destas obras conseguirá a revitalización e adecuación dos espazos públicos dos ámbitos mencionados, para uso e disfrute dos seus habitantes, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida*
- *Executaranse distintas instalacións como a de saneamento co seu correspondente pozo de rexistro e unha canaleta de drenaxe ou a eléctrica coa colocación de farois*
- *O proxecto tamén inclúe a instalación de mobiliario urbano, tal como papeleiras de aceiro inoxidable e farois sobre base de formigón*
- *Levarase a cabo unha plantación de árbores e acondicionarase o paseo existente ata o río Umia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución da rehabilitación do contorno da capela de San Roque.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, financia a realización do proxecto mediante a achega económica de máis de 174.000 euros que se distribuirán entre os anos 2010 e 2011.

Trátase dunha zona que cumpre unha dobre función: por unha parte, de espallamento e descanso para residentes no núcleo de Vilanova de Arousa e por outra, como unha área para organización de eventos que teñen lugar no concello. O espazo que comprende a actuación atópase na actualidade moi deteriorado, polo que se require dun proxecto como o presente para melloralo.

### Traballos

As unidades de obra centraranse na escavación do terreo, con retirada de lousas, valados e outros elementos. Posteriormente, realizarase un recheo e estendido con terras para a colocación do pavimento.

Tamén se elaborará unha cachotería careada de granito silvestre cunha cara vista en formación de muros. A pavimentación que se executa ten unha base de formigón armado. En parte da praza farase un pavimento continuo de formigón rematado mediante cepillado in situ de cor negra, noutra parte, así como nos bordos, faise unha pavimentación de lousas de granito seleccionado con parte de lastro cerámico.

Por outra parte, executaranse distintas instalacións como a de saneamento co seu correspondente pozo de rexistro e unha canaleta de drenaxe ou a eléctrica coa colocación de farois.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O proxecto tamén inclúe a instalación de mobiliario urbano, tal como papeleiras de aceiro inoxidable e farois sobre base de formigón. Ademais, levarase a cabo unha plantación de árbores e acondicionarase o paseo existente ata o río Umia.

A realización destes traballos conseguirán a revitalización e adecuación dos espazos públicos dos ámbitos mencionados, para uso e desfrute dos seus habitantes, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida. As melloras no contorno da capela beneficiarán preto de 11.000 habitantes do concello pontevedrés.

**Obrigas**

Por unha parte, a Xunta comprométese a participar no financiamento da actuación recollida no convenio e inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Por outra parte, o Concello de Vilanova de Arousa obrígase a redactar o proxecto técnico das obras e xestionar os permisos necesarios para as execucións. Ademais, o municipio asume a total responsabilidade das execucións ante a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que poidan xurdir na súa aplicación.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 200.000 EUROS NA REDE DE ABASTECIMENTO DAS PARROQUIAS DE CHURÍO E CORUXOU, SITUADAS NO CONCELLO DE IRIXOA**

- *O obxectivo será conectar a nova rede ao depósito situado na parroquia de Rebón*
- *Os beneficiarios da nova rede serán os habitantes da zona, e o prazo de execución será de 6 meses*
- *Esta actuación enmárcase dentro do Plan Auga, concretamente na programación relativa ás infraestruturas hidráulicas de abastecemento en pequenos núcleos de poboación*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Irixoa para a execución da rede de abastecemento nas parroquias de Churío e Coruxou, situadas no concello coruñés de Irixoa. Medio Ambiente investirá, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), 202.937 euros neste proxecto.

O obxectivo será conectar a nova rede ao depósito situado na parroquia de Rebón, no lugar de Verís. Actualmente, os habitantes das anteditas parroquias carecen dunha rede adecuada de abastecemento de auga potable polo que serán beneficiados con esta actuación.

**Obras que se van executar**

As obras consistirán na execución dunha rede en tubaxe de PVC de preto de 16.000 metros de lonxitude; dos que 8.955 metros terán un diámetro de 90 mm e outros 7.885 metros terán un diámetro de 125 mm. Posteriormente, a rede conectarase ao depósito situado na vila de Rebón, no lugar de Verís; que conta cunha capacidade de 310 metros cúbicos.

A EPOSH comprométese a financiar e a executar a obra; mentres que o Concello de Irixoa asumirá os custos das autorizacións e permisos para a realización das obras, así como os labores de mantemento e explotación.

**Plan Auga**

Esta actuación enmárcase dentro do Plan Auga, concretamente na programación relativa ás infraestruturas hidráulicas de abastecemento previstas nos pequenos núcleos de poboación.

O Plan de Abastecemento de Galicia recolle actuacións para levar a cabo nas catro provincias da comunidade, no ámbito administrativo, e no marco de catro plans de bacía diferentes no ámbito hidrolóxico. Para a realización dos traballos que se levarán a cabo ao abeiro do *Plan Auga* nos sistemas de abastecemento, determinouse un grupo de Grandes Sistemas, que son aquelas infraestruturas de abastecemento, xeralmente de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

carácter supramunicipal, que dan servizo a máis de 30.000 habitantes; e outro grupo cos sistemas restantes.

As actuacións previstas no *Plan Auga* divídense en accións de captacións das augas, de bombeo, de mellora e materialización de estacións de tratamento de auga potable (ETAPs), depósitos e instalacións de conducións principais e secundarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINA 18 MILLÓNS DE EUROS A DINAMIZAR A INTERNACIONALIZACIÓN MEDIANTE UNHA REDE DE PLATAFORMAS EMPRESARIAIS NO EXTERIOR**

- *O convenio coa CEG que autorizou hoxe o Consello da Xunta facilitará a posta en marcha dunha Rede de 14 plataformas situadas en países de interese preferente para o empresariado galego*
- *Como instrumento de apoio en orixe, o acordo entre o Igape e a CEG impulsará un servizo de licitacións internacionais igualmente destinado a ampliar a proxección exterior das empresas galegas*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) que prevé a creación dunha Rede con 14 plataformas empresariais no exterior. O desenvolvemento deste acordo contará cunha achega orzamentaria que roldará os 18 millóns de euros (17.924.986€) no período 2010-2013. O convenio regulará tanto a creación e actuación de mecanismos de apoio en destino (Rede de Plataformas Empresariais) e en orixe (Servizo de Licitacións).

Esta iniciativa enmárcase nunha estratexia da Xunta de Galicia para apoiar, a medio e longo prazo, a entrada e consolidación do tecido empresarial nos mercados exteriores de maior interese e complexidade. Unha estratexia que promove a cooperación –para acelerar a proxección exterior evitando duplicidade de esforzos- entre todos os actores galegos no eido da internacionalización.

Por medio da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior facilitaráselles ás empresas galegas a exploración e o acceso de novos mercados, coa posibilidade de contar con infraestruturas, espazos físicos, recursos humanos e materiais en cada un dos países en que se establezan. Deste xeito, mediante a Rede de plataformas poranse a disposición do tecido produtivo galego novos servizos profesionais e estable de apoio no exterior, instrumentos que o farán máis competitivo para sacar proveito de novas oportunidades de negocio, alianzas estratéxicas ou investimentos.

No ámbito deste acordo o Igape promoverá, coordinará e manterá, en colaboración coa CEG, unha Rede que constará de ata 14 plataformas empresariais distribuídas polos países, determinados segundo os intereses preferentes do empresariado galego. Entre outros servizos, a Rede de Plataformas Empresariais no Exterior facilitará información especializada sobre as exixencias xurídicas, laborais, fiscais ou alfandegueiras para levar a cabo actuacións comerciais ou de investimento nos países onde estean situadas; e información sobre as oportunidades comerciais, alianzas estratéxicas ou de investimentos nos países de destino.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

De xeito paralelo, por medio do Servizo de Licitacións Internacionais vaise proporcionar ao empresariado galego información, formación e apoio desde Galicia para presentarse a licitacións internacionais en concursos financiados por organismos multilaterais e dos países que ofertan as súas licitacións ás empresas estranxeiras. Este servizo concíbese como unha plataforma con tres obxectivos principais: facilitar o acceso das empresas galegas ao mercado das licitacións internacionais; poñer á súa disposición a información existente sobre oportunidades neste eido; e promover o incremento da capacitación do persoal das empresas galegas, fortalecer a súa capacidade de análise e toma de decisións.

Co apoio á posta en marcha da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior e ao Servizo de Licitacións Internacionais, a Xunta de Galicia busca asentar novas bases de actuación centradas na cooperación e destinadas a seguir incrementando e acelerando a internacionalización do tecido produtivo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN IMPULSA A FORMACIÓN DAS PERSOAS ADULTAS, COA SINATURA DUN CONVENIO COA FUNDACIÓN ECCA**

- *Esta entidade leva 25 anos formando estudantes para a obtención do título de graduado en educación secundaria*
- *A metodoloxía usada, con emisión radiofónicas de clases, axuda a achegar a educación ás persoas que, por diversas circunstancias, non poden asistir ás clases de forma habitual*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA na formación de persoas adultas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

Deste xeito, a Xunta de Galicia axuda a que as persoas adultas que o desexen poidan utilizar a metodoloxía propia da Fundación ECCA -baseada nas emisións radiofónicas- para a obtención do devandito título, básico no sistema educativo actual. Esta metodoloxía resulta especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia habitual ás clases nun centro ordinario de educación de adultos.

A Fundación ECCA ten como obxectivo fundamental a promoción cultural e a elevación da formación humana das persoas. Isto realízao desde hai máis de dúas décadas, utilizando unha metodoloxía específica, que usa as emisións radiofónicas como medio de comunicación. A través desta metodoloxía milleiros de persoas obtiveron formación básica de adultos na nosa comunidade ao longo dos últimos 25 anos. Vén colaborando coa Consellería de Educación desde 2005.

A Fundación ECCA inscribiu, de feito, 624 persoas adultas no curso 2009/2010 nas actividades de preparación para as probas de graduado en secundaria, o que demostra a gran acollida desta iniciativa entre a cidadanía.

**Materiais e docencia**

Ao abeiro deste convenio a Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía, concretamente 13 libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Ademais, ECCA comprométese a emitir as correspondentes clases, unha hora diaria de luns a venres entre outubro e maio, e unha hora diaria de luns a venres entre xullo e agosto para clases de repaso. Os estudantes poderán escoitalas desde o canle 96.5 FM, – con cobertura en todas as Rías Baixas-, ou ben acceder aos CD que a Fundación deberá repartir a quen non teña cobertura para estas emisións.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Para poder seguir as clases, o alumnado terá que estar inscrito nun centro público con ensinanzas autorizadas de educación secundaria apra adultos a distancia, ou ben nas probas libres para a obtención do título de graduado en secundaria para maiores de 18 anos.

Pola súa banda, a Consellería de Educación destinará nove profesores para atender este alumando, orientalo, e gravar as clases que se emiten por radio. Ademais, estes docentes elaborarán os materiais escritos específicos que utilizan as persoas adultas que seguen estas ensinanzas.

**Formación ao longo da vida**

A Consellería de Educación, tendo en conta o papel fundamental que xogan os medios de comunicación social, pola súa capacidade de chegar a un gran número de persoas, quere dar coa sinatura deste convenio resposta a un maior número de persoas adultas que precisan da devandita titulación, básica no sistema educativo actual. Así, amplíase ademais a oferta educativa para as persoas adultas a través dunha modalidade de formación semipresencial que incorpora a radio como vehículo de transmisión de saberes e coñecementos.

Deste xeito a Consellería de Educación dá un novo impulso á formación das persoas ao longo da vida, co fin de darlles a oportunidade de acadar mellores oportunidades no mundo laboral.

**APROBADO O ACORDO ENTRE O SERGAS E O HOSPITAL JUAN CARDONA  
PARA A ACTIVIDADE QUE SE REALIZARÁ EN 2010**

- *Redúcense as tarifas vixentes nun 5% en cumprimento das medidas de austeridade establecidas*
- *Establécense as iniciativas necesarias para o fomento da prescrición por principio activo*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o acordo do Servizo Galego de Saúde coa Fundación Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol, titular do Hospital Juan Cardona.

Este texto autoriza a sinatura dunha cláusula adicional ao concerto subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e este centro sanitario, mediante a que se actualiza a carteira de servizos, os conceptos facturables e as tarifas aplicables, así como o importe estimado para o 2010, en relación á prestación dos servizos sanitarios ofrecidos por este centro a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Sergas.

Así, en cumprimento das medidas de austeridade establecidas a partir do 1 de xullo de 2010, se reducen as tarifas vixentes nun 5%. Polo tanto, o acordo entre o Sergas e a Fundación Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol, de 13.140.940 euros.

Ademais, inclúense dous novos servizos que ofrecerá o Hospital Juan Cardona, que son as consultas de cardioloxía e a de cirurxía venosa vascular.

Así mesmo, e no contexto da Estratexia Sergas 2014, na cláusula establécense tamén as iniciativas necesarias para o fomento da prescrición por principio activo, co obxectivo de reducir o gasto para garantir a sostibilidade do sistema sanitario público.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PON EN MARCHA UNHA CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE A FACTURA MÁIS BARATA NA FACTURA DA LUZ QUE BENEFICIARÁ 225.000 CONSUMIDORES

- *A Consellería de Economía e Industria porá en marcha esta campaña, a través de Instituto Galego de Consumo da Dirección Xeral de Comercio, co obxectivo de evitar as recargas que sofren numerosos consumidores domésticos galegos*
- *Esta iniciativa beneficiará os clientes con potencia contratada inferior a 3Kw, aos pensionistas con prestacións mínimas, as familias numerosas e os fogares con todos os seus membros desempregados*
- *Nesta campaña distribuiranse máis de 30.000 folletos informativos en 139 oficinas de atención e asesoramento aos consumidores, prestarase atención personalizada a través do teléfono gratuito de consumidor ( 900 23 11 23), e informarase na páxina web do IGC ( [www.igc.xunta.es](http://www.igc.xunta.es))*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao informe sobre a campaña que desenvolverá, a partir da semana próxima, a Consellería de Economía e Industria coa finalidade de informar os consumidores domésticos de electricidade sobre a tarifa máis barta na factura da luz, unha iniciativa orientada a beneficiar a máis de 225.000 consumidores, entre os que se atopan os clientes con potencia contratada inferior a 3Kw, os pensionistas con prestacións mínimas, as familias numerosas e os fogares onde todos os seus membros estean en situación de desemprego.

Con esta campaña, a Consellería de Economía e Industria quere favorecer os colectivos máis vulnerables e con menos recursos, mediante: a edición e distribución de 30.000 folletos informativos nas 139 oficinas de atención e asesoramento de consumidores que conforman a rede NETCONSUMO en Galicia; a atención personalizada a través do teléfono gratuito de consumidor (900 23 11 23), e a información posta á disposición dos consumidores na páxina Web do IGC ( [www.igc.xunta.es](http://www.igc.xunta.es)).

A Consellería de Economía e Industria porá en marcha esta campaña, a través de Instituto Galego de Consumo da Dirección Xeral de Comercio, co obxectivo de evitar as recargas que sofren numerosos consumidores domésticos galegos na súa factura eléctrica, tendo en conta que, en moitos casos, están a pagar un sobreprezo que pode evitarse coa tramitación das tarifas máis baratas na factura da luz, que é unha bonificación na factura eléctrica de consumidores domésticos consistente na conxelación da tarifa vixente ata o ano 2012.

No caso dos clientes con contratos de subministración cunha potencia contratada inferior a 3 KW a súa inclusión é automática, sen solicitalo. O resto de consumidores debe facer a súa petición á súa comercializadora de último recurso mediante correo ordinario, fax, correo electrónico ou acudindo ás oficinas da distribuidora.

## SANIDADE PON EN MARCHA UN PROXECTO PIONEIRO DE ACREDITACIÓN CONXUNTA DAS UNIDADES ANALÍTICAS DOS MATADOIROS QUE REALICEN DIAGNÓSTICO DE TRIQUINA

- *Con esta medida evítase o posible peche dos matadoiros de porcino en Galicia e auméntase a competitividade no mercado deste sector*

A Consellería de Sanidade, por medio da súa Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pon en marcha un proxecto pioneiro de acreditación conxunta das unidades analíticas dos matadoiros que realicen diagnóstico de triquina. Esta iniciativa, presentada por Galicia e aceptada pola Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), será o primeiro proxecto en acadar a acreditación pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

Para materializar esta medida do departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía, fíxose necesario unha orde de creación da Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a actuación coordinada entre o laboratorio central e as unidades de análise existentes nos matadoiros galegos.

Nesta orde, a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina configúrase como unha estrutura de natureza científico-técnica composta polo laboratorio de Saúde Pública de Lugo e polas unidades de análise localizadas nos matadoiros galegos que realicen controis de triquina.

Cómpre sinalar que o laboratorio de Lugo, dependente da Consellería de Sanidade, que actúa como laboratorio central acreditado, terá, a través da área de parasitoxía, a responsabilidade da coordinación e supervisión do funcionamento das distintas unidades de análise que efectúen controis de triquina.

Respecto das unidades de análise localizadas nos matadoiros, integraranse na rede cando así o soliciten e sexan aceptadas por resolución da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, logo da comprobación dos requisitos establecidos.

En definitiva, coa creación desta estrutura científico-técnica, a Consellería de Sanidade pretende favorecer que as unidades analíticas cumpran as normas comunitarias exixidas, ao menor custo posible, co cal se aumentará a seguridade alimentaria e todo iso grazas ao gran potencial humano e técnico do laboratorio de Saúde Pública de Lugo, que actúa como laboratorio central acreditado.

### **Acreditación segundo a normativa europea**

En Galicia é moi significativo o consumo de carne de porco doméstico e doutras especies que poden estar infestadas por nematodos do xénero *Trichinella*. Polo tanto, o establecemento de medidas preventivas resulta necesario, non só por evidentes razóns de saúde pública, senón, tamén, pola aplicación da normativa comunitaria pola que se

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

establecen normas específicas para os controis oficiais de presenza de triquinas na carne.

Ademais, as probas de triquina encádranse dentro das que deben realizarse no marco dos controis oficiais establecidos pola Comunidade Europea nos seus regulamentos, nos cales especifica que os laboratorios deben estar acreditados segundo as normas europeas.

É a propia Comunidade Europea a que estableceu, nun regulamento do ano 2005, un período transitorio en relación cos laboratorios oficiais que realizasen análises de determinación de presenza de triquinas, de modo que estas unidades analíticas dos matadoiros podían acollerse a esta normativa ata o 31 de decembro de 2009, debendo estar acreditadas a partir do 1 de xaneiro de 2010.

En abril de 2009 nas unidades analíticas dos matadoiros de Galicia, que non contan coa acreditación, aínda non comezara o proceso para esta. Posteriormente, a Comisión Europea decidiu, en decembro de 2009, prorrogar o dito prazo.

Tendo en conta que o período transitorio rematará o 31 de decembro de 2013, e, dado o enorme esforzo humano e económico que supón a acreditación de todas as unidades de análise dos matadoiros, o departamento que dirixe Pilar Farjas puxo en marcha este proxecto pioneiro para evitar o posible peche dos matadoiros de porcino en Galicia e aumentar a competitividade no mercado deste sector.

## SANIDADE COMPROMETE A LICITACIÓN SIMULTÁNEA DE 19 NOVOS CENTROS DE SAÚDE ANTES DE FINAL DE ANO

- *O custo total aproximado do investimento ascende a case 60 millóns de euros*
- *Estas infraestruturas inclúense no Plan de Modernización de Infraestruturas Sanitarias 2010-2013 para mellorar a asistencia e responder axeitadamente ás necesidades dos cidadáns*
- *A sanidade en Galicia é 100% pública, mantendo a titularidade, a xestión, e o control sobre a calidade do servizos prestados*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe sobre o estudo de viabilidade para a construción, conservación e explotación de 19 novos centros de saúde de toda Galicia. Estes centros distribúense na área sanitaria da Coruña (Arteixo-Villarrodís, Malpica-Buño, Cambre-O Temple, Culleredo-O Portádego); na área de Ferrol (Ares, A Capela-As Neves); na de Ourense (O Vinteún, Ribadavia, Barbadás-Valenzá, Pontedeiva), na de Santiago (Ames- Milladoiro, Galeras, Conxo), na de Vigo (Oia, Tui, Gondomar), na de Pontevedra (Marín, Nigrán-Panxón, Illa Arousa).

A fórmula de financiamento é o modelo de pagamento aprazado ou pagamento por dispoñibilidade, o que garante que a xestión é 100% pública por parte da Consellería de Sanidade, que é a que mantén a titularidade do servizo e controla a calidade dos servizos prestados.

O obxecto da concesión para a empresa concesionaria será a redacción do proxecto e execución das obras, así como mantemento, conservación e reposición. A concesión tamén inclúe a prestación dos servizos non sanitarios e a explotación. O investimento ascende a 59,4 millóns de euros.

O contrato de arrendamento permite garantir o bo funcionamento dos centros de saúde, independentemente do lugar de Galicia onde se sitúen, e aforra estes gastos aos concellos dando resposta por parte da Xunta de Galicia á petición reiterada das súas solicitudes neste senso.

### **Plan de Modernización das Infraestruturas**

A construción destes centros de saúde enmárcase no Plan de Modernización de Infraestruturas Sanitarias, que garante o carácter público de todos os investimentos e a prestación sanitaria universal e gratuíta para todos os galegos.

En materia de infraestruturas a Consellería de Sanidade está a dar un pulo no que, ademais do reforzo en primaria, destaca o pulo na Coruña, en Ourense e en Ferrol, para finalizar as obras dos hospitais de referencia destas tres áreas; así como nas cidades de Vigo e Pontevedra coa construción dos novos hospitais, así como do equipamento do hospital Lucus Augusti e a súa posta en funcionamento.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Entre outros aspectos, este plan mellora a sostibilidade económica sanitaria, social, territorial e ambiental da rede de centros sanitarios do Sergas; redúcense os custos enerxéticos e de mantemento, e increméntase a eficiencia dos servizos non sanitarios asociados.

Tamén reforza a Atención Primaria e impulsa a xeración de emprego, tanto a curto prazo, para a construción das infraestruturas, como a longo prazo, para levar a cabo as tarefas de mantemento

Todo isto no marco da Estratexia Sergas 2014, que define os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación que debe seguir o Servizo Galego de Saúde nos vindeiros anos para acadar a transformación do sistema de saúde e consolidar un modelo sanitario innovador, centrado nos cidadáns, e que asegure a continuidade asistencial, a seguridade, a eficiencia e a implicación dos profesionais.

## OS PREMIOS DA CULTURA GALEGA PREMIARÁN O TRABALLO CREATIVO GALEGO EN SETE CATEGORÍAS

- *A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta acerca da creación dos Premios da Cultura Galega para este ano 2010 coas seguintes modalidades: Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Iniciativas en prol do Patrimonio Cultural, Promoción Cultural de Galicia, Música e Creación Audiovisual. O prazo de presentación de candidaturas finalizará o próximo 25 de outubro*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe da creación dos Premios da Cultura Galega para este ano 2010. A Consellería de Cultura e Turismo premiará o traballo creativo da nosa comunidade e a súa expansión no exterior a través de sete modalidades: Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Iniciativas en prol do Patrimonio Cultural, Promoción Cultural de Galicia, Música e Creación Audiovisual. O prazo de presentación de candidaturas finalizará o próximo 25 de outubro.

A Xunta de Galicia considera a cultura galega como un elemento fundamental da imaxe de Galicia de cara á nosa propia sociedade e de todo o que ten que ver connosco no exterior. Debido a isto, a través da Consellería de Cultura e Turismo, considera necesario distinguir as persoas e institucións que traballan nos distintos eidos da creación, da conservación e revalorización do patrimonio e da actualización e difusión deste capital intelectual, na propia comunidade ou para o mundo.

Galicia conta con homes, mulleres e entidades situados no máis alto nivel do desenvolvemento cultural da actualidade. Cada vez aparece con meirande forza a nosa plástica, a nosa escrita, a nosa música, a nosa produción escénica ou as nosas artes narrativas virtuais no plano internacional, do mesmo xeito que o valiosísimo patrimonio cultural con que contamos, revitalizado por particulares, técnicos e entidades públicas e privadas que se encargan de o conservar e de o facer visible para o público.

A cultura, en por si integradora e impulsora de dinámicas de comprensión, favorece en gran medida a confianza da cidadanía na súa propia expresión colectiva, crea referentes de unión e imaxes que poden estenderse a calquera ámbito. Dentro do respecto e da imprescindible expresión das diferenzas individuais ou grupais, a expresión cultural constitúe a verdadeira resultante e sitúase por riba das lóxicas e necesarias discrepancias de calquera sociedade, e fixa o legado das xeracións sucesivas.

Con este espírito de expansión e de integración na nosa mensaxe, a Consellería de Cultura e Turismo a través da Orde do 24 de setembro de 2010 estableceu os Premios da Cultura Galega e convocounos para o 2010, co obxecto de apoiar o labor creativo da nosa comunidade e a súa expansión nos novos espazos que se abren na actualidade.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Premio Cultura Galega das Letras.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada á escrita galega, que se consideren con méritos especiais no que atinxe a recursos literarios, investigación de linguaxes propias, innovación no plano expresivo, creación de códigos de intercambio con outras sociedades e culturas ou calquera outro aspecto que contribúa a fortalecer o sistema literario galego e a súa imaxe pública interna ou externa.

**Premio Cultura Galega das Artes Plásticas.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada ás artes plásticas galegas, que se consideren con méritos especiais no que atinxe ao desenvolvemento de recursos expresivos, investigación de linguaxes propias, innovación no plano creativo, creación de códigos de intercambio con outras sociedades e culturas ou calquera outro aspecto que contribúa a fortalecer e ampliar a creación plástica galega e a súa imaxe pública.

**Premio Cultura Galega das Artes Escénicas.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada ás artes escénicas galegas ou á translación en imaxes e son de creacións narrativas galegas, que se consideren con méritos especiais no que atinxe a recursos escénicos, investigación de linguaxes propias, innovación no plano creativo, creación de códigos de intercambio con outras sociedades e culturas ou calquera outro aspecto que contribúa a fortalecer e ampliar a representación escénica ou a narración en soportes virtuais de Galicia e a súa imaxe pública.

**Premio Cultura Galega ás Iniciativas en prol do Patrimonio Cultural.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada á protección, conservación e difusión da riqueza cultural galega, en calquera medio e en calquera eido de actuación.

**Premio Cultura Galega á Promoción Cultural de Galicia.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada á expansión cultural de Galicia, á promoción da nosa cultura fóra da comunidade autónoma e á súa difusión no exterior. Valorarase especialmente a achega para reforzar a imaxe de Galicia como comunidade de inmensa riqueza patrimonial, ben no que se refire a públicos de elite, ben ao público interesado na cultura, en xeral.

**Premio Cultura Galega de Música.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada á creación, consolidación ou expansión da música galega, dentro da comunidade ou no exterior. Valorarase especialmente a achega para reforzar a imaxe desta arte como creadora dunha linguaxe galega de calidade, con personalidade propia e con capacidade para se integrar nos escenarios internacionais.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Premio Cultura Galega de Creación Audiovisual.**

Dirixido a persoas ou entidades con traxectoria vinculada á creación, consolidación ou expansión da creación audiovisual galega, dentro da comunidade ou no exterior. Valorarase especialmente a achega para reforzar a imaxe destas artes como creadoras dunha linguaxe galega de calidade, con personalidade propia e con capacidade para se integrar nos escenarios internacionais.

Concédese un único premio en cada unha das modalidades descritas e non poderá recaer máis dun premio na mesma persoa. O premio consistirá nunha escultura ou obxecto conmemorativo realizado por un artista galego de recoñecido prestixio e nun diploma acreditativo.

Poden ser candidatos as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se distinguisen pola súa traxectoria vinculada ao obxecto da modalidade correspondente. As candidaturas poderán ser presentadas polas institucións e entidades culturais ou profesionais, públicas ou privadas, relacionadas co obxecto de cada premio, sen que os candidatos poidan postularse a si mesmos. Tamén poderán propoñer candidaturas os membros do xurado previamente ás sesións de valoración.

O xurado para o ano 2010 estará formado por un máximo de 12 membros de acordo coa composición conformada polo conselleiro de Cultura e Turismo, como presidente e o presidente do Consello da Cultura Galega ou persoa designada por el, os tres reitores das universidades galegas ou persoas designadas por eles, o presidente da Real Academia Galega ou persoa designada por el, a presidenta da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario ou persoa designada por ela, o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, catro profesionais de recoñecido prestixio designados pola Consellería de Cultura e Turismo como vogais. A decisión do xurado resolvendo o outorgamento dos premios farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Cultura e Turismo.